

X. M. L.

Textos

Día das letras galegas 2021

XELA ARIAS CASTAÑO

LETRAS GALEGAS 2021



TEXTOS

«Que nunca, nunca xamais, me diga alguén que non entende de poesía. A poesía non se entende, síntese ou non se sinte, faise ou non se fai»

XELA ARIAS CASTAÑO

SeminarioGalán.org

A REAL ACADEMIA GALEGA DEDICARALLE O DÍA DAS LETRAS 2021 A XELA ARIAS

Renderalle homenaxe a unha voz singular da xeración que nos 80 anos renovou a poesía galega tanto en temas, como estilo e forma.

A Real Academia Galega dedicarlle a Xela Arias (Sarria, 1962 – Vigo, 2003) o Día das Letras Galegas de 2021. O pleno da institución acordou na sesión de onte homenaxear a quen foi unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea. Xela Arias é autora dunha poesía singular, transgresora, sincera e comprometida que será celebrada ao longo dun 2021 durante o cal a RAG lembrará ademais o seu labor como editora e tradutora que verteu milleiros de páxinas de clásicos universais ao galego.



Xela Arias será a protagonista do Día das Letras Galegas o próximo ano. *Foto: Lois A.C.*

Por idade, formou parte dun grupo de poetas que recibirán a homenaxe da RAG a través dela: o dos mozos que renovaron a poesía a partir dos

primeiros 80 en temas, estilo e forma. Pero a dela é unha voz singular e inclasificable, de tal maneira que —en palabras de Ana Romaní— o seu é un nome que se pronuncia sen xeración.

Concibía a poesía como un xeito de indagar e cuestionar a orde das cousas, de describir o que se aprende a ocultar.

A pescuda do eu fonda e reflexiva, a afirmación do corpo feminino, a perspectiva de xénero e a procura de novos espazos para a poesía mediante a recitación ou o diálogo coa fotografía, a música e a pintura, son algúns dos trazos a súa voz como creadora, que anticipou nos anos oitenta do século pasado temas e características formais da poesía galega da década seguinte.

Os primeiros versos que publicou viñeron a lume en revistas e xornais dende os primeiros. En 1986 foi finalista do premio Losada Diéguez co seu primeiro libro, *Denuncia do equilibrio*.

Cunha linguaxe rupturista, o poemario anticipa liñas da poesía dos 90 e expón unha imaxinaría construída a través da incerteza, coa violencia e a animalidade como eixes.

En 1990 saíu do prelo *Tigres coma cabalos*, volume no que os versos e a fotografía se fusionan a través de vinte e catro poemas acompañados doutras tantas imaxes, a maioría de corpos espídos, entre eles o da propia autora.



Xela Arias (Sarria, 1962 – Vigo, 2003)

En *Darío a diario* (1996), dedicado ao seu fillo, abordou a maternidade dende unha ollada afastada do tradicional.

En 2003 chegou o seu derradeiro libro, *Intempériome*, un chanzo máis na súa exploración para converter a desobediencia e a transgresión en palabra poética.


Todos estes volumes, e mais sesenta e dous poemas en revistas e obras colectivas, foron recompilados en *Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004)* (2018), edición a cargo da profesora e crítica literaria María Xesús Nogueira.

A elección de Xela Arias reconece igualmente a dimensión pública e comprometida da vida e da obra da autora.

Prestou a súa voz en mobilizacións cívicas —coma as que se produciron tras a marea negra do Prestige— e tomou sempre posición a favor da lingua galega, non só como poeta. Como parte do equipo de Edicións Xerais, onde traballou dende 1980 a 1996, contribuíu ao proceso de fixación da norma do galego.

Fíxoo como correctora de estilo e editora, e ao iniciar os oitenta nun labor pioneiro no mundo da tradución, un eido poucas veces recoñecido, pero que en 2021 tamén será homenaxeado na súa figura.


Entre outro, verteu ao galego dende o inglés, o italiano, o portugués ou o



castelán autores como Bram Stoker (Drácula), Roald Dahl (As bruxas), Angela Carter (Venus negra), Gianni Rodari (Contos ó teléfono), Carlos Oroza (Caballum) ou Jorge Amado (O Gato Gaiado e a Andoriña Señá: Unha Historia de Amor), e formou parte dos equipos que trouxeron á nosa lingua o Quixote de Cervantes ou Dublinese de James Joyce.

A súa tradución de Amor de Perdición (1986) de Camilo Castelo Branco foi merecente do Premio de Tradución da Língua Portuguesa; o seu O derradeiro dos mohicanos (1993) de James Fenimore Cooper foi recoñecido co Ramón Cabanillas, e foi galardoada postumamente co de Tradución Plácido Castro (2004) por O Spleen de París de Charles Baudelaire.

Nos últimos anos, tras se licenciar en Filoloxía Hispánica e Filoloxía Galego-Portuguesa, foi docente en varios institutos da comunidade.



O Correo Galego, 23 de decembro de 2020

1

TEXTOS XELA ARIAS LETRAS GALEGAS 2021



1

Imos, meu ben, camiñar sereno
pola cidade sen ramplas nas aceras. Imos
comeza-lo xeito da túa vida, e mírame,
mesmo as bolsas dos meus ollos serán monecos
dos teus días xunta min.

Darío a diario
(1996)

2

Tódolos bebés son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos nenos son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos adolescentes son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos mozos son *tu* e ningún coma ti.
Tódolos anciáns son *tu* e ningún coma ti.
Tódas as nais son eu e todas, coma min, saben que es único.

Darío a diario
(1996)


3

Darío a diario.

Invasión que se me convén fantástica.

Invasión sen ocasión.

Invadíuseme a vida de cueiros e biberóns,
de roupiñas pequenas e xoguetes de cores,
de risas, choros, agarimos, agarimos.



Dario a diario.

A túa man ocupa un cuarto da miña xigante,
por iso detesto un pouco tantas palabras.

Todas para ti, ¡son a raíña parlante!,
¡emperatriz de sonidos guturais en diante!

Darío a diario
(1996)

4

I

Dis ma-ma-má

e consegues oito pasos seguidos sen axuda
cara a nós. Vesme?

Son a nai que te pariu e coida
facer o necesario porque avances.

II

Que é necesario?

Coma sempre:

asumir que me equivoco e seguir investigando.

Coma sempre en min,
e máis contigo.

Darío a diario
(1996)

5

INSTANTÁNEA DA TÚA VISIÓN

Arróupote arrequecido no meu colo:
somos o globo terráqueo pousado nos raios do sol,
teu pai.



Darío a diario
(1996)

6

Se andas a gatiñas formas a columna
e a planta dos pés;
se te alimentas ó meu peito medras san,
rexo e forte.
Se che falamos con tino, a modo
recompós termos e frases.
Se a luz non é moi forte
descansan os teus ímpetos de neno.
Se tes o ritmo da música has
rimar o aceno dos días.
Se estimulado, crearas o mundo sen que cho impoñan...


Canto sei! e, sen embargo,
que ananez perante tanta novidade
que ti agasallas a cada instante.

Darío a diario
(1996)

7

A túa ollada incendiaria anima tartarugas plásticas,
camións de engano.
Con pernas magras percorres metros de corredor.

Que con cabeza e corazón limpo dirixas,
meu ben,
a orquestra da túa vida.



Darío a diario
(1996)

8

Non me gustaban de nena os peluches
e lembran meus pais que non xoguei moito ás bonecas.
Non me deteño a cociñar e na química das quimeras
rocei un xeito de delincuencia xuvenil.
Un xénero feminino algo a desmán das narracións para o ano
{en que nacín.

E vés
ti
agora,
primeiro imaxinado e xa querido,
logo presente nestes cuartos a diario:
hai posible en ser muller un privilexio imposible de transferir.

Darío a diario
(1996)

9

POESÍA

devala a lúa
polo incenso
dos meus sentidos

devala o tempo
e os espaciados

deválome

achego así
o bico do todo

Faro de Vigo (5/7/1984)



Poesía dispersa
(1982-2004)

10 CRISTAL

*As tres deusas: a leona, a loba e a lagarta.
Acaso non podemos ser deusas?
Hai deusas cazadoras e deusas campesiñas.
As primeiras son amazonas, as segundas son bruxas.*



1

Tenso inunda o ruxir da besta
felina
cando, máis alá dos ollos
anuncia o festexo das fontes
e os cervos pálidos

Así presaxia o ventre
o húmedo latexar
das túas brancas asas
polas areas extensas.

2

Teñen os ollos grises
da loba
o fulgor do fósforo,
a finura da fibra tensa
e a viaxe cambada da frecha.

Ulisquea esquisita
un aroma leve no ar
de pelexo quente e tremeroso
que chimpa, descuidado
e brandísimo
polas lameiras frescas.



Así latexa o meu ventre esmeralda,
axexando ávido
o docísimo crepitar da vida,
que tan cálida se agacha
no ouro calmo das tardes.


3

Son a lagarta na pedra.
O bandullo farto
latexa fondo e lentamente.
Durmo baixo o sol,
os ollos sen párpados
e sempre abertos.
É mediodía.

Festa da palabra silenciada 4 (1987)



Poesía dispersa
(1982-2004)



A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA

XELA ARIAS CASTAÑO (11 ANOS)

Hai xa certa cantidade de anos, non sei cantos, estaba eu na miña casa de Xemil e tiven unha idea: ir viaxar e explorar o mundo.

Pois ben, comecei a facer as maletas recollendo todos os meus trebellos. Metín as maletas e blusas no ascensor e baixei. Abrín o coche, e a correr. Ía a 200 por hora.

Ese coche meu é un «Leopardo a reacción» que inventaron uns científicos amigos meus. Que, por certo, dixéronme que puxera anuncios e dixera ás xentes que no seu laboratorio teñen unha medicina que o que a tome durará millóns e millóns de anos. Este laboratorio está na rúa Saturno, número 20, piso 100.000 (Así que, o que queira vivir millóns e millóns de anos xa sabe a onde dirixirse).

Cheguei a unha fraga. Pero esta fraga era pequena. E os seus únicos habitantes eran paxaros faladores. Os cales arrodeáronme segundo cheguei. (Eran moi grandes, como xigantes). E un que estaba traxeado con camisa branca, levita negra e calzón froleado, díxome:

-Pirris, Pío-Pío, pos turistis exangos.

Que quere dicir: «Os Pío-Pío saúdan aos turistas estranxeiros».

Eu estirei a man para dicir «encantada de coñecelo». Pero el alargou a pata. E eu, asustada, preguntei:

-Que significa?

-Pío-Pío quer tristar paspa.

O que quere dicir: «Pío-Pío quere chocar as patas».

Eu estirei a miña perna e deille un bico. El quíxome dar o seu bico,

pero co gran peteiro que tiña esganifoume a cara. Botei un berro:

-Ai!

Eles botáronse a rir a gargalladas.

Cando menos o pensaba eu chegaron dúas cegoñas e trouxéronme amorotes, laranxas e follas de árbores con cagallas de rato. Comín os amorotes e as laranxas. Díxenlles que as follas de árbore con cagallas de rato non eran usadas na miña Terra para comer.

Logo, trouxéronme a caracocha dunha árbore e rubíronme a el botándome axiña polo ar para que voara eu. Naturalmente, caín no chan. Eles botáronse outra vez a rir a gargalladas.

O paxaro de levita negra, que era o xefe, díxome:

-Pavis exangos, sin ver aletegar.

Cousa que quere dicir: «Persoas estranxeiras non saben voar».

Eu díxenlles:

-Na miña Terra somentes voan os paxaros e os avións. As persoas non voamos; pois non temos ás. Penso que vostedes debíanse decatar de que eu non teño esas plumas que así ensarilladas semellan exactamente follas de rosas, que son as ás, e por iso non podo manterme no ar nin tan siquiera medio minuto. Agora, se vostedes me permiten, voume.


-Xes, xes -díxéronme eles- que quere dicir: «Si, si».

Mais, de súpeto, decateime que tiña desaparecido o meu coche.

Ai, meu coche queridiño! Custoume 100.000 pesetas e as pernas cansas de rubir ata o piso 100.000 con 100.000 escaleiras en cada piso. Ai, de mi! Lambóns: onde mo botaron?

Botei a correr e de repente aparecín na outra fraga. Esta chamábase a Fraga Leopardicia; poque estaba habitada por leopardos.

Todos estaba vestidos con mantos de cor amarela forte con pinturas



mouras. Cando cheguei ao pé deles o máis grande plantouse diante miña e conducíume a unhas árbores e mandoume sentar, facéndome unha reverencia.

Eu senteime e el fixo o mesmo.


Unha fileira india de leopardos desfilou por diante miña chifrando por unhas gaitas feitas de ferraña. Logo pasaron leopardos e leopardas que máis tarde se axuntaron por parellas, e ao pasaren a carón nosa os machos abrían as súas bocas, amosaban os dentes branquísimos e afiadísimos e bruaban:

-Srrrrrr.

Cando rematou toda aquela requiloria conteille ao leopardo xefe o que me pasara denantes de chegar eu a aquela fraga. El ofreceume dous leopardos para poñer debaixo dos meus pés para que me levaran ao meu coche. Porque estes leopardos tiñan moi bo olfacto e ao mellor acertaban con el.

Púxenme sobor deles como se foran uns patíns de patinar. E, correndo, nun instante, leváronme cabo do meu cochiño queridiño.

Funlle dar unha aperta de contenta e resulta que... aquel coche era de manteiga.



-Insultáronme! Ai, ai. Que farei de min?

Corrín e corrín ata chegar ao país dos magos. Petei en todas as portas. E ao cabo atopei un home que tiña gañas de traballar.

Conteille o que me acontecera pouco tempo antes.

-Eu, por medio da maxia, podo voltar o teu coche en coche normal. como el era antes. E, se queres, tamén te podo poñer nun alustre aló na túa Terra.

-Grazas, meu amigo! Agradeceríao moito. Estes países non son do meu xeito.

Fomos ao lugar onde quedara o coche feito unha beluga de manteiga.

O mago dixo:

-Cam, pas, titus leirocus lustus. Jéper!

E eu aparecín na miña casa.

Cando ía fora da miña casa para ir cabo duns amigos de meu a contares todo o que me acontecera... Espertei!

Resulta que todo fora un sono. Que desilusión!

Primeiro premio na sección «Contos de nenos» do «VI Concurso de contos infantís «O Facho», patrocinado pola entidade «Caja de Ahorro-Monte de Piedad de La Coruña y Lugo».

Publicado en La Voz de Galicia o 3 de febreiro de 1974, con ilustracións de Paulo e Manolo Caamaño.

La Voz de Galicia o 3 de febreiro de 1974

Al xa certa cantidade de anos, non sei cantos, estaba eu na miña casa de Xemil e tiiven unha idea: ir viaxar e esprorar o mundo.

Pois ben, escomecé a facer as maletas recollendo todos os meus terbellos. Metín as maletas e bulsas no ascensor e baixéi. Abrín o coche, e a correr. Iba a 200 por hora.

Este coche meu é un «Leopardo a reacción» que inventaron uns científicos amigos meus. Que, por certo, díxéronme que puxera anuncios e dixera ás xentes que no seu laboratorio teñen unha medicina que o que tome durará millóns e millóns de anos. Este laboratorio está na rúa Saturno, número 20, piso 100.000. Así que, o que queira vivir millóns e millóns de anos xa sabe a onde dirixirse).

Chegué a unha fraga. Pro esta fraga era pequena. E os seus únicos habitantes eran paxaros faladores. Os cales, arredéronme asegón cheguéi. (Eran moi grandes, como xigantes). E un que estaba traxeado con camisa branca, levita negra e calzón froleado, díxome:

—Pirris, Pío-Pío, pos turristis exangos.

Que quere decir: «Os Pío-Pío saúdan aos turistas estranxeiros».

Eu estiré a man pra decir «encantada de coñecelo». Pro el alargou a pata. E eu, asustada, preguntéi:


—¿Qué significa?
—Pío - Pío quer tristar paspa.

O que quere decir: «Pío-Pío quere chocar as patas».

Eu estiré a miña perna e déille un bico. El quixome dar o seu bico, pro co grande peteiro que tiña el esganifóume a cara. Botéi un berro:

—¡Ai!
Eles botáronse a rir a gargalladas.

Cando menos o pensaba eu chegaron dúas cigoñas e trouxéronme amorotes, laranxas e follas de árbores con cagallas de rato. Comín os amorotes e as laranxas. Dixenilles queas follas de árbore con cagallas de rato non eran usadas na miña Terra



A FRAGA DOS PAXAROS FALADORES E A FRAGA LEOPARDICIA

Por XELA ARIAS CASTAÑO (11 anos)

pra comer.

Logo, trouxéronme a caracocha dunha arbre e rubíronme a el botándome axiña polo ar pra que voara eu. Naturalmente, caín ao chan. Eles botáronse outra vez a rir a gargalladas.

O paxaro de levita negra, que era o xefe, díxome:

—Pavis exangos, sin ver aletegar.

Cousa que quere decir: «Persoas estranxeiras non saben voar».

Eu dixenilles:

—Na miña Terra somentes voan os paxaros e os avións. As persoas non voan «se sou» uou «sjo» «sou»

Penso que vostedes debíanse decatar de que eu non teño esas prumas que así ensarilladas semellan mes-

mamente follas de rosas, que son as áas, e por eso non podo manterme no ar nin tan xiquera medio minuto. Agora, se vostedes me permiten, voume.

—Xes, xes — me dixeron eles — que quere decir: «Si, si».

Mais, de sutaque, decatéime que tiña desaparecido o meu coche.

¡Ai! meu coche queridiño! ¡Costóume 100.000 pesetas e as pernas cansas de rubir hastra o piso 100.000 con 100.000 escaleiras en cada piso! ¡Ai, de min! Lambóns: ¿onde mo botaron?

Boté a correr e de repente aparecín xa noutra fraga. Esta chamábase a Fraga Leopardicia; porque estaba habitada por leopardos.

Todos estaban vestidos con mantos de cor amarelo forte con pinturas mouras. Cando chegué a pe deles o máis grande prantouse diante de min e conduciume a uns arbres e mandóume sentar, facéndome unha reverencia.

Eu sentéime e él fixo o mesmo.

Unha fileira india de leopardos desfilou por diante min chifrando por unhas gaitas feitas de ferraña. Logo, pasaron leopardos e leopardas que máis tarde axuntáronse por parellas, e ao pasaren a carón nosa os machos abrían as súas bocas, amosaban os dentes branquissimos e afiadissimos e bruzaban:

—Srrrrrr.

Cando rematou toda aquela requiloría contéille ao leopardo xefe o que me pasara denantes de chegar eu a aquela fraga. El ofrecéume dous leopardos pra poñer debaixo dos meus pés pra que me levaran ao meu coche. Porque este leopardos tiñan moi bon olfato e ao mellor acertaban con el.

Púxenme sobor deles coma se foran uns patins de patinar. E, correndo, nun instante, leváronme c a bo do meu cochiño querido.

Funlle dar unha apaerta de

(Pasa a la página 13)



EL PAISAJE DEL "BORDE"...

gurar prototipos. Perucho, el niño nacido de las relaciones pecaminosas del señor de Moscoso con la criada Sabel, podría ser anticipo de Cara de Plata. También en la pobre Nuca podríamos ver atisbos de la pobre Concha.

LE fascinante atracción debió ser también para Valle-Inclán el caudal paremiológico, así como las anécdotas y los innumerables decirs que la Pardo Bazán recogió directamente en los molinos, «fiadas» y deshojas de boca de este pueblo gallego, que posee el instinto de la sátira obscena y del contraste humorístico». Lo mismo podría decirse de la nutrida galería de mendigos, acompañamiento inevitable de todas las fiestas y solemnidades, y personificación, en su actitud epigráfica o estoica según las circunstancias, de un mundo arcaico, elemental y sumiso, parejo de lo no menos arcaica estructura de los señores. El atador de Boan, en «Los Pazos de Ulloa», es un personaje, incluso por la sonoridad de su nombre, digno de figurar entre los de su misma clase de Valle-Inclán. Los campesinos gallegos, supervivientes de los antiguos siervos, se presentan dibujados en ambos escritores con pacificados trazos.

amigo de la caza, con la tonsura «borrada por una selva de pelo gris y cerosas». Nadie lo hubiera tomado por sacerdote, si no le delatará «el sello formidable de la ordenación, que ni aun las llamas del infierno consiguen cancelar». La misma expresión «bárbaro» tiene en la novela un marcado acento. Cuando el astuto e implacable Primitivo (el nombre es ya muy gráfico) emborracha de todo al niño de su hija Sabel, Perucho, le dice el marqués: «No seas bárbaro Primitivo». Esta figura cauta, cruel y perseverante del administrador, tomada evidentemente del natural, es también, desde el punto de vista novelesco, perfecta.

ORA Emilia, dotada de una asombrosa capacidad de observación, conocía admirablemente todas las particularidades de este paisaje de la «Boca Ribelra», encuadrado por el imponente Martiñá, el Testeiro, Suido y Pena Corneira. Ella misma nos dirá, refiriéndose a los recuerdos de su juventud en estas tierras altas de la provincia de Orense, donde se halla enclavado también el antiguo monasterio cisterciense claravalense de Osera: «En su comarca pasé floridos días de juventud, y asistí a regocijadas partidas de caza, vendimias, romerías y ferias... aún pienso estar bajando con el credo en la boca, como suele decirse, por el abrupto sendero, orillado de precipicios, que conduce al romántico y derruido Priorato, y sentir temblar, bajo el casco de la montura, las podridas tablas del puente de madera, casi anegado por el ímpetu de la corriente: aún engaña mi memoria a los sentidos, y trae al olfato el virgiliano perfume de las colmenas suspendidas sobre el río Avieiro, o el olor de la madura pavia y racimo almirado, y al paladar el dejo de la miel y de las azucarosas castañas, y al oído el son de la gaita triste, la dulce flauta y el hinchado bombo y a los ojos el verdinegro matiz de los pinares contrastando con la fresca verdura o rojo tostado de las parras.

PUEDO decir que la naturaleza de este país me es más familiar que la de mis Mariñas natales, y que esta región me inspira el cariño que el pintor siente por el modelo una y cien veces reproducido en sus cuadros. Aquí tienen su escenario la mayor parte de mis novelas, donde con mano nunca fatigada me he complacido en describir las villitas chicas, sus clásicos festejos, sus verbenas de fuegos artificiales y globos; los goterosos pazos, que se derrumban y fenecen como la aristocracia campesina a quien sirven de refugio; las intrigas electorales, los amaños de cacliques, la rústica contratación de las ferias, y, sobre todo, las majestuosas montañas, los ríos que espuman caudalosos en profundas hoces, las poldras donde el pie apoya rápidamente al cruzarlos». He aquí, por último, un pasaje tomado también de «Los Pazos

de Ulloa», que podría servir de escena para situar el medio en que se desenvuelve la educación de los hijos de don Juan Manuel Montenegro: «Mientras la madre atesoraba, don Gabriel educaba a su sobrino a su imagen y semejanza, llevándole consigo a ferias, cazatas, fruncachelas rústicas y acaso distracciones menos inocentes, y enseñándole, como decían allí, a cazar la perdiz blanca; y el chico adoraba a aquel tío jovial, vigoroso y resuelto, groseramente chistoso, como todos los De la Laje, en las sobremesas; especie de señor feudal acatado en el país, que enseñaba ortodoxamente al heredero de los Ulloas el desprecio de la Humanidad y el abuso de la fuerza».

Sirvan, pues, estos ejemplos, entre otros que podrían citarse, para ver cómo muchos de los temas y procedimientos cultivados por doña Emilia Pardo Bazán en contacto con su querido paisaje del «Borde», llegaron, en manos de ese prodigioso estilizador que fue Valle-Inclán, a una categorización de tipos y perfección estilística incomparables.

Neu-Iseburg (Alemania), Enero de 1974.

FRANCIA ES EL...

por intervenciones interracionales (entre ellas, De Gaulle), si no mas bien por la llegada de una cierta izquierda al poder en Bolivia.

Ahora, Régis Debray acaba de publicar dos libros que están dando mucho que hablar, aunque por ser muy recientes no han tenido mucha difusión. Uno, «La guerrilla de Chile» y otro, «La crítica de las armas». En el primero examina la táctica y las razones del fracaso del Chile en Bolivia; el segundo es una autocritica de su libro anterior, «Revolución en la revolución». Viene a decir, más o menos, que se había equivocado; que quizá la lucha armada no fuera lo más indicado en aquel momento, etc.

A uno le vienen a la mente las criticas de amigos latinoamericanos hacia Debray. Para muchos, es el prototipo del intelectual europeo que sueña con una revolución exótica, y acude, incluso, a hacerla, aún ignorando las realidades de esos países. El resultado, normalmente, es catastrófico. Volveré a hablar de estos libros. Por el momento, diré que Régis Debray —que sigue soñando con la revolución en América Latina, se ha convertido aquí en un propagandista de Mitterrand. Y yo pregunto, por otra parte: ¿A quién habrá que cobrarle los muertos ocasionados por su primer libro?

¿E TEN FAME...

cer unha escola no barrio e que as obras escocíanzaban de aló a un mes.

Passaron seis meses. As obras da escola estaba a rematar, pra mais drento de tres meses había a inauguración.

—Í devos preparando —dixo o home as mulleres—. A inauguración ha de celebrarse por todo o alto.

Pola mañá había misa que, por certo, a aboa Xoana ao cantar iba un kilómetro diante dos mais. Despois houbo música de gaitas, muñeiras e xotas pra todolos gustos. Logo a merenda, e mais tarde o baile pros mozos cas canciós de aqueles tempos.

E aquí acaba esta historia pequeniña e sinxela; pro que serve é pra ver que, naqueles tempos, non estábanos moi acomodados.

—¿E, TEN FAME, SENOR?

Primeiro premio na sección «Contos de nenos» do «V Concurso dos contos infantís «O Facho», patrocinado pola entidade «Caja de Ahorro-Monte de Piedad de La Coruña y Lugo».

A FRAGA DOS...

contenta e resulta que... aquel coche era de manteiga.

—¡Insultáronme! ¡Ai, ai, ¡Qué faréi de min?

Corrín e corrín hastra chegar ao país dos mozos. Peféi en todas as portas. E ao cabo atopéi un home que tiña gana de traballar.

Contéi o que me acontecera pouco tempo antes.

—Eu, por medio da maxia, podo voltar o teu coche en coche normal como era el antes. E, se queres, tamén te podo poñer num alustre alá na túa Terra.

—¡Gracias, me u amigo! Agradeceirao moito. Estes países non son do meu xeito.

Fomos ao lugar onde quedara o coche feito unha be-luga de manteiga.

O mago dixo:

—Cam, pas, titus leirocus lustus. ¡Jéper!

E eu aparecín na miña casa.

Cando la fora da miña casa pra ir cabo duns amigos de meu e contares todo o que me acontecera... ¡Despertéi!

Resulta que todo fora un sono. ¡Qué desilusión!

Primeiro premio na sección «Contos de nenos» do «VI Concurso de contos infantís «O Facho», patrocinado pola entidade «Caja de Ahorro-Monte de Piedad de La Coruña y Lugo».

SOLUCIONES
JERUGLIFICO
ESCAPO LOCAMENTE
AJEDREZ
1: C 6 R
Si 1... p 8 A (C)
2: R x pA.—C 6 C
3: D 5 C mate
Si 1... p 8 D (C)
2: R x pD.—C 6 A
3: C 5 A mate
Si 1... C 8 C (C)
2: R x pC.—C 6 A
3: C 5 T mate
Si 1... R 3 T
2: A 6 A j.—A x A
3: C 7 A mate
Si otra jugada negra, R 5 C y mate con C 5 A.
TEXTO CIFRADO
Sus ojos azules, de azul de los cielos, sus rubios cabellos de rayos de sol. (Mz. de la Rosa)
CRUCIGRAMA ANTERIOR
HORIZONTALES.—1: Racimo. Acosar.—2: Ebano. Anotare.—3: Sabd. Luchaban.—4: Ideica. Heleno.—
VERTICALES.—a: Reside. Aparas.—b: Abadesa. Plepa.—c: Cabestro. Etas.—d: Indice. Rasara.—e: Mo. Corredores.—f: Lana. Sonda.—g: Au. As.—h: Anchas. Amar.—i: Coherentes. Lo.—j: Otalam. Acotar.—k: Sabe. Indicare.—l: Arana. Modelen.—m: Renovó. Sopapo.
¿CUAL DE LAS TRES?
Victor Hugo
Egipcio
Felipe II
Guerrero
CASO POLICIACO
Allen Holden dijo que permaneció y durmió con su ropa puesta durante dos semanas... sin embargo estaba «impecablemente vestido». Indudablemente de haber sido como él contaba hubiera presentado un aspecto bastante más desastrado del que traía.

La Voz de Galicia o 3 de febreiro de 1974

EN un pasaje de «Los Pazos de Ulloa» nos dice doña Emilia: «a menudo venían a conferenciar con el mayordomo, en actitud respetuosa y servil, gentes de Cebre, de Castrodoña, de Boan.» Hablando de Sabel, la barragana de Moscoso, nos dice que «sus ojos eran azules, húmedos y sumisos.» En una parroquia muy apartada de la montaña, sus habitantes son pobres pastores que visten de somonte y usan greñas largas, cortadas sobre la frente a la manera de los antiguos siervos. (¿Qué valleinclaniano es esto de las greñas largas a la manera de los antiguos siervos?). He aquí algunos pasajes más precurosos del estilo de Valle-Inclán, tomados igualmente de «Los Pazos de Ulloa»: «era el grupo de castaños inmóvil unas veces; otras violentamente sacudido por la racha del ventarrón furioso y desencadenado; «el edificio... con el ruidoso tenebroso del cierzo que lo fustigaba, era amenazador y siniestro»; «los señores de Ulloa sintieron la impresión del frío subterráneo de una ancha cripta abovedada, donde la voz humana retumbaba de un modo extraño y solemne». O esto otro de «La Madre Naturaleza»: «Oíase misterioso y grave el ruido del agua en la presa». Este apareamiento de adjetivos suscitadores de un ambiente de tradición y leyenda es, como se sabe, uno de los procedimientos más destacados del virtuosismo estilístico de Valle-Inclán.

A «Los Pazos de Ulloa» le va muy bien el calificativo que Valle-Inclán dio a sus «Comedias». Es ese halo inhóspito que atemoriza «¡Qué país de lobos!» Armoniza perfectamente con tal paisaje la figura del abad, buen bebedor y

LA CRISIS MEJILLONERA

gopolios que en las ciudades antes citadas dominan el comercio de ese marisco como lo hacen con el de otros productos pesqueros. De manera general, puede afirmarse que esos oligopolios —en algunas ocasiones «mafias»— dictan en nuestras grandes capitales la ley a numerosos productos gallegos y no gallegos.

Y aún se nos interpone otro problema. El mejillonero gallego se presenta fraccionado frente a esos oligopolios compuestos por reducido número de personas con fuertes hábitos comerciales, con conciencia plena de que en su unión está su fuerza y que saben llevar a la práctica tan viejo como olvidado principio. No que los 3.277 viveros flotantes de mejillón anclados en las rías gallegas tengan cada uno su propietario, aunque poco menos. Y no es que creamos que esta clase de minifundismo constituye por sí mismo una traba

para el desarrollo gallego. Al contrario, lo preferimos, si esos minifundistas saben organizarse frente a quienes hoy se aprovechan de su dispersión.

Las cooperativas que han intervenido en la solución de estos problemas han fracasado, como era de prever. Se piensa constituir, o ya se está en vías de ello, una sociedad comercializadora a la que prestarán su apoyo las Cajas de Ahorros de Galicia.

No podemos entrar aquí en detalles de cómo se llevará a cabo esta operación financiera que lo es de salvamento de nuestra industria mejillonera. Hay de todo: dinero, estudios, dirección y experiencia para no incidir en los mismos errores. Falta lo principal: que exista en los mejilloneros una auténtica voluntad de salvación.

Una niña viguesa gana el concurso de cuentos «O Facho»

Se trata de Xela Arias Castaño, que cuenta 11 años
"A FRAGA DOS PAXAROS E A FRAGA LEOPARDICIA",
HISTORIA DE UN SUEÑO

En la VI edición del concurso de cuentos infantiles "O Facho", patrocinado por la Caja de Ahorros-Monte de Piedad de La Coruña y Lugo, ha merecido el primer premio, en la modalidad de "cuentos de niños", la niña viguesa Xela Arias Castaño, de 11 años de edad y muchos más de imaginación, sueños y pensamientos; porque Xela cuando habla de las cosas del escribir, del idioma gallego, de lo que hace y lo que va a hacer, se reviste de una dosis de responsabilidad que rebasa sus años y hace pensar en un ambiente familiar propicio al nacimiento de una personalidad recia y definida; lo cual no es obstáculo para asombrarse al pensar que sólo tiene once años.

—Las bases del concurso las trajo mi padre, me las enseñó y dijo que si quería que escribiera. Más que nada, él quería que me acostumbrara a redactar trabajos más largos, porque entonces estaba escribiendo unos cuentos muy pequeños, de una cuartilla, o de menos.

El ahora premiado pasa de los dos folios. Se titula "A fraga dos paxaros e a fraga leopardicia". Le salió de un tirón, justo dos días antes de que se acabara el plazo de entrega.

EL TEMA DEL CUENTO

—Es que yo tengo que hacer las cosas en el momento, de lo contrario no soy capaz de seguir; si lo dejo para mañana, ya no lo acabo; es por eso que tuve que escribirlo en un día. Y no me gustó nada, nada, nada. Me parecía demasiado malo para mandarlo. Después, mi padre me dijo que estaba bastante bien, pero yo seguía pensando que no valía. Por eso no me esperaba el premio. Ahora voy a escribir con más frecuencia.

El hermano de Xela, Xoán Carlos, también es ya escritor laureado. El año pasado consiguió el premio de la Caja de Ahorros, glosando el tema "Mi primer viaje";

tiene editado un libro, "Carlínos e o abó". El opina que el cuento de las "fragas" es muy bonito.

—Trata de un sueño que tenía yo —dice Xela—. Iba de viaje, muy alegre, y me encontraba con una selva de pájaros; conducía mi coche y los pájaros me insultaban; me marché de allí. Y me había desaparecido el coche; entonces, entré en la selva de los leopardos, y no me sabían decir dónde buscar mi coche; cuando lo encontré, al ir a tocarlo, resulta que era de nata; entonces, los leopardos me condujeron al país de los magos, y el coche se volvió otra vez de verdad. Pero era un sueño.

ESCRIBIR EN GALLEGÓ

Ella sueña a menudo con coches; le gusta correr; pero se cae por los barrancos; aunque siempre sale a flote y cada día de distinta manera; uno de los días fue sacada al camino por un ave de rapiña. De esto trataban sus cuentos cortos, escritos en gallego, que es la forma que a ella le gusta; lo hace en castellano cuando así se lo exigen, en las redacciones del colegio, por ejemplo.

—Yo creo que en Gaiteta se debía hablar siempre en gallego. Y lo mismo que nosotros aprendemos castellano, los de otras partes pueden hacer un esfuerzo y llegar a hablar nuestro idioma.

Xela estudia quinto de E. G. B. Precisamente ahora han organizado un concurso de redacciones y ella va a presentarse, aunque todavía no ha decidido el tema; sólo sabe que esta vez ya no tratará de un sueño. Es posible que trate de ese sueño que todos tenemos de niños; quizá porque nos lo preguntan demasiado a menudo: de lo que vamos a ser de mayores.

DE MAYOR: MAESTRA

—Yo siempre tuve la ilusión de ser maestra de párvulos. Y no me parece nada difícil, porque me gustan mucho los niños pequeños, enseñarles a jugar y esas cosas; no letras ni números, que eso ya lo aprenderán cuando pasen a primero.

Se ve que sabe bien lo que quiere, cómo si lo tuviera planeado: ya ve lo que conviene a cada edad y lo que debe dar a cada curso. También aquí le ayuda el ambiente familiar. Su padre, don Valentín Arias, es maestro.

Le pidió a Xela que me enseñe alguno de aquellos pequeños cuentos que escribía "antes".

—Es que como eran tan

pequeñitos y tan feos, los tiré.

Pero como tiene buena memoria y la pluma dispuesta, escribe uno sobre el papel de mi carpeta:

"Era unha vez unha muller que trataban por bruxa.

"Certo día as mulleres de Vilarel colleron e foron pra feira, pois era feira en un pobo cercano deli.

"Cando xa era de noite as mulleres xuntáronse e tiñan moito medo, pois non sabían como facer pra cruzar o río, porque non se vía o puntillón.

"De repente apareceu por elí a muller que tomaban por bruxa e di-xolles:

"—Eu podo facer que vexades e podades cruzar o río, pero non lo



podedes decir a nadie.

"—Non llo diremos a nadie, non te preocupes, calaremos.

"—Bueno —dixo a bruxa, coma de cida das mulleres.

"Frotou os dedos e saíron en cada dedo unha bombilla eléctrica, de colores.

"As mulleres cruzaron o río e despois, como a bruxa morreu, contáronme a min."

Y ella nos lo ha contado a todos. Gracias.

Julia C. HORTIGUELA
(Foto Magar)

Entrevista publicada no xornal El Faro de Vigo, o 19 de maio de 1973. Xela nesta data tiña 11 anos e estudaba 5º de EXB.

4

TEXTOS XELA ARIAS LETRAS GALEGAS 2021



AS BRUXAS ROALD DAHL

Tradución: Lidia Iglesias Izquierdo e Xela Arias

COMO RECOÑECER A UNHA BRUXA

A noite seguinte, despois de bañarme, a miña avoa levoume outra vez ao salón para contarme outra historia.

-Esta noite -dixo a vella-, vouche contar como recoñecer a unha bruxa en canto a vexas.

-Pódese estar sempre seguro? -preguntei.

-Non -dixo ela-, non se pode. Ese é o problema. Pero pódese intentar adivíñalo bastante ben.

Deixaba caer a cinza do su puro no colo, e eu esperaba que non prendese lume antes de que me contase como recoñecer a unha bruxa.

-De primeiras -dixo ela-, unha BRUXA VERDADEIRA levará sempre, seguro, luvas cando estás con ela.

-Seguramente *non sempre* -dixen eu-. Que pasa no verán, cando vai calor?



-Mesmo no verán -dixo a miña avoa-. Ten que levalas. Queres saber por que?

-Por que?

-Porque non ten unllas. No canto de unllas, ten gadoupas finas e curvadas, coma un gato, e leva as luvas para agachalas. Pero moitas mulleres respectables levan luvas, especialmente en inverno, así que isto non che vai axudar moito.

-Mamá adoitaba levar luvas -dixen eu.

-Non na casa -dixo a miña avoa-. As bruxas levan luvas ata na casa. Só as quitan para deitarse.

-Como sabes todo iso, avoa?

-Non interrompas -dixo ela-. Ti acéptao e namais. O segundo que tes que lembrar é que as BRUXAS VERDADEIRAS son sempre calvas.

-Calvas?

-Calvas como un ovo cocido -dixo a miña avoa.

...



5

TEXTOS

XELA ARIAS

LETRAS GALEGAS 2021



AS BRUXAS

ROALD DAHL

Tradución: Lidia Iglesias Izquierdo e Xela Arias

O RATO LADRÓN

A miña avoa levoume de novo ao meu cuarto e sacoume ao balcón.


-Estás preparado? -preguntou-. Vou te meter no calcetín.

-Agardo poder conseguilo -dixen-. Agora só son un ratiño.

-Halo conseguir -dixo ela-. Boa sorte, queridiño.

Meteume no calcetín e empezou a descolgarme polo balcón abaixo. Eu aniqueime dentro do calcetín e mantiven a respiración. A través dos puntos da lá podía mirar fóra con bastante claridade. Centos de metros por debaixo de min, os nenos que xogaban na praia eran do tamaño dun escaravello. O calcetín comezou a bambea coa brisa. Mirei cara a arriba e vin a cabeza da miña avoa asomando por riba da varanda.

-Xa case estás! -berrou ela-. De présa, axiña, axiña! Rexistra




o cuarto!

Saltei fóra do calcetín e corrín dentro do cuarto da Gran Bruxa. Había o mesmo cheiro a pechado que notara no Salón de Baile. Era o fedor das bruxas. Lembrábame o cheiro dos servizos públicos de homes na nosa estación de ferrocarril.

Polo que puiden ver, o cuarto estaba bastante ordenado. Non había sinal ningún de que estivese habitado por alguén que non fose unha persoa normal. E, de certo, non podía habelo. Ningunha bruxa sería tan estúpida como para deixar algo sospeitosos tirado por aí, para que o vise a camareira do hotel.

De súpeto, vin unha ra cruzando a saltos a alfombra e desaparecendo debaixo da cama. Eu tamén saltei.

...





AS BRUXAS
ROALD DAHL

Tradución: Lidia Iglesias Izquierdo e Xela Arias

NA COCIÑA

...

Oín a voz dun home berrando:


-Un rato! Mirade ese noxento rato!

E eu vislumbrei baixo de min unha figura con mantelo e gorro alto e branco, e logo un relampo de aceiro cando o coitelo da cociña asubiu no aire e sentín un trallazo de dor no cabo do meu rabo, e, de súpeto, estaba caendo de cabeza ao chan.

Mesmo mentres corría, sabía o que pasara. Sabía que me tronzaran a beira do rabo e que estaba a piques de esbarrarme contra o chan, e que todos os da cociña virían por min.

-Un rato! -berraban-. Un rato! Collédeo axiña!

Dei contra o chan, púxenme en pé dun brinco e botei a correr para salvar a vida. Por todas partes ao redor de min había grandes botas negras pegando piso-tóns, e eu esquiveinos e corrín, corrín, escorrínme, volvinme e revolvinme polo chan da cociña.



-Collédeo! -berraban-. Matádeo! Pisádeo!

Todo o chan estaba cheo de botas negras que intentaban pisotearme e eu evitábaas, xiraba e daba voltas e logo, de puro desespero, apenas sen saber o que facía, buscando só un sitio onde agocharme, subín pola perneira do pantalón dun dos cociñeiros e aganchei ao seu calcetín!


-Eh! -berrou o cociñeiro-. Subiume polo pantalón! Agardade, rapaces! Agora téño!

O home daba palmadas na perneira do pantalón e agora si que ía quedar realmente esmagado se non me movía axiña. Só había un camiño, e era cara a arriba. Cravei as miñas gadoupiñas na peluda perna do home e gaveei cara a arriba, máis e máis arriba, máis aló da canela e do xeonllo cara á coxa.

-Deus -berraba o home-. Está subindo! Sobe pola miña perna!

Oín gargalladas dos outros cociñeiros, pero prometo que eu non tiña gana de rir.

...





AS BRUXAS
ROALD DAHL

Tradución: Lidia Iglesias Izquierdo e Xela Arias

IMOS TRABALLAR

Aquela noite a miña avoa ceou namais unha tortilla cunha rebanda de pan. Eu ceei un cacho dese queixo noruego moreno de leite de cabra que se chama *gietost*, que xa me gustaba mesmo cando era un neno. Comemos diante do lume, a miña avoa na súa butaca e eu riba da mesa, co meu queixo nun pratiño.

-Avoa -dixen-, agora que xa nos desfixemos da Gran Bruxa, desaparecerán gradualmente todas as demais bruxas do mundo?

-Estou segura de que non -contestoume.

Parei de mastigar e olleina.

-Pero *teñen* que desaparecer! -berrei-. Seguro que si!

-Coido que non -dixo ela.

-Pero se ela xa non está aquí, como han conseguir todos os cartos que necesitan? E quen lles vai dar ordes e animalas nos



Congresos Anuais, e inventar todas as fórmulas máxicas?

-Cando morre unha abella raíña, sempre hai outra raíña na colmea, preparada para tomar o seu posto -dixo a miña avoa-. O mesmo ocorre coas bruxas. No cuartel xeral onde vive a Gran Bruxa, hai sempre outra Gran Bruxa lista para asumir o poder en caso de que lle sucedese algo.

-Ouh, non! -berrei-. Iso significa que todo o que fixemos non serviu de nada! Converteinme en rato para nada?

-Salvamos a todos os nenos de Inglaterra -dixo ela-. Eu non lle chamaría a iso nada.

-Xa sei, xa sei! -berrei-. Pero iso non abonda! Eu estaba seguro de que todas as bruxas do mundo irían desaparecendo a modiño logo de desfacérmonos da súa xefa! E ti disme que todo vai seguir coma antes!

...



8

TEXTOS XELA ARIAS LETRAS GALEGAS 2021 BURLA NEGRA



Marea miseria invade global Galicia.
Colleita inepta de intereses financeiros.

Burla negra.

Oes o son mediático das novas nas casas,
a química diplomática na fiestra da praia.

Nunca máis.

«Mar de fondo, capitán».
A velocidade do vento é nada
se deciden as pantasma.

Never more, never more, never more.


No lombo
a miseria do hábito domedo.
As maquinarias do acougo anoian
as lindezas dos conformes.

Burla negra. Nunca máis.


Intempéiate, fogar dos rumorosos.
Pon prezo en castigo
á patética esperanza.
Dignidade.
Velaí tes a histórica batalla.



Poema de Xela Arias publicado en El Faro de Vigo o 29 de agosto de 2003.



Poema de Xela Arias publicado en El Faro de Vigo o 29 de agosto de 2003.



DRÁCULA
BRAM STOKER
 Introducción e tradución: Xela Arias

DIARIO DE JONATHAN HARKER
(Notas taquigráficas)


3 de maio, Bistritz. Saín de Munic ás 8,35 da tarde o un de maio e cheguei a Viena nas primeiras horas da mañá seguinte; debería chegar ás 6,46, pero o tren viña cunha hora de atraso. Budapest parece unha cidade marabillosa, xulgando polo que puiden enxergar desde o tren e mais polo curto paseo que dei polas súas rúas. Non me atrevín a me afastar demasiado da estación, pois que chegáramos tarde e habíamos partir o máis cerca da hora sinalada que fose posible. A impresión que recibín foi que estabamos saíndo de Occidente e internándonos no Oriente. A máis occidental das espléndidas pontes que cruzan o Danubio, que aquí acada unha profundidde e anchura verdadeiramente nobres, mergullounos nas tradicións dos dominios turcos.



Partimos bastante ben de tempo, e chegamos logo da anoitecida a Klausenburg. Parei, para pasar a noite, no hotel Royal. De xantar, ou máis ben de cea, tomei un polo un pouco forte, adobado con pemento; era moi bo, pero deume moita sede. (Teño que pedirlle a receita para Mina). Pregunteille ao camareiro, e dixo que se chamaba *paprika kendl*, e que, como era un prato nacional, podería tomalo en calquera outro lugar dos Cárpatos. aquí fóronme moi útiles os meus escasos coñecementos de alemán; de feito, non sei que había facer sen eles.

No tempo libre durante a miña estadía en Londres visitei o Museo Británico, e na biblioteca consultei libros e mapas relacioandos con Transilvania.





TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



CONTOS AO TELÉFONO
GIANNI RODARI
Tradución: Xela Arias

O país co «des» diante

Xoanciño Perdedía era un grande viaxeiro. Viaxa que viaxa, chegou ao país co «des» diante.

-E que país é este? -preguntoulle a un cidadán que estaba ao fresco debaixo dunha árbore.

O cidadán, por toda resposta, tirou do peto unha navalla e amosoulla ben aberta riba da palma da man.

-Ves isto?

-É unha navalla.

-Completamente errado. Isto é unha «desnavalla», unha navalliña co «des» diante. Serve para facer medrar os lápiz cando están gastados, e é moi útil na escola.

-Magnífico -dixo o Xoanciño-. E que máis?

-Logo temos o «despercheiro».

-Quererá dicir o percheiro.

-Un percheiro serve de ben pouco, se non tes un abrigo para colgar nel. Co noso despercheiro todo é diferente. Non se precisa colgarlle cousa, xa está todo colgado. Se tes necesidade dun abrigo, vas alí e descólga-lo. O que precisa dunha chaqueta non ten por que ir a mercala: pasa cabo do despercheiro e descólga. Hai un despercheiro de verán e o de inverno, un para home e un para muller. Así aforramos moitos cartos.

-Unha verdadeira preciosidade. Que máis?

-Logo temos a máquina «desfotográfica»; que no canto de tirar fotografías tira caricaturas, e así rimos. Logo temos o «descanón».

-Brr, que medo!

-O descanón é a contra do canón, e serve para desfacer a guerra.

-E el como funciona?

-É sinxelísimo, pode manexalo incluso un neno. Se hai guerra, tocamos a descorneta, disparamos o descanón e a guerra queda de súpeto desfeita.

Que maravilla é o país dos «des» diante.



CONTOS AO TELÉFONO
GIANNI RODARI
 Tradución: Xela Arias

Os homes de manteiga

Xoanciño Perdedía, grande viaxeiro e famoso explorador, chegou un certo día ao país dos homes de manteiga. Estes, ao estaren ao sol derretíanse, polo que tiñan que estar sempre ao fresco, e vivían nunha cidade na que en lugar de casas había frigoríficos. O Xoanciño paseaba polas rúas, e víaos debruzados nas fiestras dos seus frigoríficos, cunha bolsa de xeo na cabeza.

Na portiña de cada frigorífico había un teléfono para falar co inquilino.

-Oia.

-Diga.

-Con quen falo?

-Son o rei dos homes de manteiga. Todos de tona de primeira calidade. Leite de vaca suíza. Reparou ben no meu frigorífico?

-Demos, é de ouro macizo. Pero non sae nunca de aí?

-No inverno, cando vai bastante frío, nun automóbil de xeo.

-E se por un casual sae de improviso o sol de ente as nubes mentres a Vosa Maxestade dá o seu paseo?

-Non pode, non está permitido. Faríao encadear polos meus soldados.

-Buum! -exclamou Xoanciño. E andou para outro país.

12

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



CONTOS AO TELÉFONO
GIANNI RODARI
Tradución: Xela Arias

A inventar números

-Inventamos números?

-Inventamos. Comezo eu. Case que un, case que dous, case que tres, case que catro, case que cinco, case que seis.

-E moi pouco. escoita estes: un remillón de billóns, un caldeiro de milleiros, unha inmensidade e un inmensidón.

-Eu, xa que logo, invento unha táboa:

tres por un, Trento e Verdún
tres por dous, chalanas e bous
tres por tres, leite con café
tres por catro, todo era grato
tres por cinco, subir dun brinco
tres por seis, amarrar os reis
tres por sete, dálle un moquete
tres por oito, visto e resolto
tres por nove, xa nada se move
tres por dez, volve outra vez.

-Canto custa este pastel?

-Dous tiróns de orellas.

-Canto hai de aquí a Milán?

-Mil quilómetros novos, un quilómetro usado e sete bombóns.

-Canto pesa unha bágoa?

-Segundo: a bágoa dun neno mecoso pesa menos que o vento, a dun meniño esfameado pesa máis que toda a Terra.

-Canto mide este conto?

-Demasiado.

-Entón inventemos de presa outros números para rematar a tarefa. Dígoos eu, á maneira de Modena: uni, doli, teli, catoli, catrischi, miri mirischi, un son dous.

-E eu dígoos á maneira de Roma: unci, duci, trici, catrici calinci, meli melinci, rife e rafe fan dez.

13

TEXTOS

XELA ARIAS

LETRAS GALEGAS 2021



CONTOS AO TELÉFONO

GIANNI RODARI

Tradución: Xela Arias

Brif, bruf, braf

Dous nenos, na paz dun patio, xogaban a inventar unha lingua especial para poderen falar entre si sen que os entendese ninguén.

-Brif, braf -dixo o primeiro.

-Braff, brof -contestou o segundo.

E botaron a rir.

Nun balcón do primeiro andar estaba un velliño bo a ler o xornal, e debruzada na fiestra de enfrente había unha velliña nin boa nin ruín.

-Son ben parvos eses nenos -dixo a muller.

Mais o bo do home non concordaba:

-A min non mo parecen.

-Non me vai dicir que entendeu o que dixeron...

-Pois si, entendino todo. O primeiro dixo: que bonito día. O segundo contestou: mañá será máis bonito aínda.

A muller enrugou o nariz, mais ficou calada: porque os nenos puxéronse a falar de novo na súa lingua.

-Marasqui, barasqui, pipirimosqui -dixo o primeiro.

-Bruf -respondeu o segundo.


E romperon a rir de novo os dous.

-Non me irá dicir que entendeu agora tamén -exclamou alporizada a velliña.

-Pois agora tamén entendín todo -retrucou, sorrindo, o vello-. O primeiro dixo: que felices somos por estar no mundo. O segundo respondeu: o mundo é fermosísimo.

-Pero, é fermoso de veras? -insistiu a vella.

-Brif, bruf, braf -contestou o velliño.





CONTOS AO TELÉFONO
GIANNI RODARI
 Tradución: Xela Arias

O semáforo azul

Unha vez, o semáforo que estaba na praza do Duomo, en Milán, fixo unha rareza. Todas as súas luces tinguíronse súpetamente de azul, e a xente non sabía a que se ater.

-Cruzaremos ou non cruzaremos? Ficamos o non ficamos?

Por todos os seus ollos, en todas as direccións, o semáforo difundía o insólito sinal azul, dun azul tan azul como o ceo de Milán non estivera nunca.

Mentres agardaban a ver que pasaba, os automobilistas bradaban e guindaban buguinzos, os motoristas facían runxir os tubos de escape e os peóns máis gordos berraban:

-Vostede non sabe quen son eu!

Os inxeniosos dicían con retranca:

-O verde paparíao o alcalde para facer unha casiña no campo.


-O vermello usaríano para tinguir os peixes dos xardíns.

-Co marelo sabes que fan? Engádenllo ao aceite de oliva.

Ao cabo chegou un garda, e situouse no medio do cruce para dirixir o tráfico. Outro garda procurou a caixiña dos mandos para amañar a avaría, e cortou a corrente.

Antes de se apagar, o semáforo azul tivo tempo de pensar:

-«Pobriños! Déralles o sinal de «vía libre» para o ceo. Se me entenderan, agora todos saberían voar. Pero quizais lles faltou valor.»



15

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



CONTOS AO TELÉFONO
GIANNI RODARI
Tradución: Xela Arias

A trabucar as historias

- Era unha nena que se chamaba Carapuchiña Marela.
- Non, Vermella!
- Ah, si. Carapuchiña Vermella. A súa nai chamouna e díxolle: escoita Carapuchiña Verde...
- Que non, Vermella!
- Ah, si, Vermella. Vai cabo da tía Diomira a levarlle esta para de pataca.
- Non: vai cabo da avoa a levarlle este pastel.
- Está ben. A nena andou para o bosque e atopou cunha xirafa.
- Que confusión! Atopou cun lobo, non cunha xirafa.
- E o lobo preguntoulle: Cantas fan seis por oito?
- Non fan nada. O lobo díxolle: Para onde vas?
- Tes razón. E Carapuchiña negra respondeu...
- Era Carapuchiña Vermella, vermella, vermella!
- Si, e respondeu: Vou cabo da avoa a mercar o prebe de tomate.
- Nada diso: Vou cabo da avoa que está doente, mais non sei o camiño.
- Xusto. E o cabalo dixo...
- Cal cabalo? Era un lobo.
- Seguro. E dixo así: Colle o tranvía número setenta e cinco, baixa na

praza do Duomo, vira á dereita, atopará tres chanzos e unha moeda na terra, deixa estar os tres chanzos, apaña a moeda e merca un chicle.

-Avó, ti non sabes para nada contar historias, trabúcalo todo. Pero o do chicle mércamo igual.

-Está ben: toma a moeda.

E o avó volveuse poñer a ler o seu xornal.





**O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ:
 UNHA HISTORIA DE AMOR**

JORGE AMADO

Tradución: Xela Arias

A estación da primavera



ANDO a Primavera chegou, vestida de luz de cores e de alegría, arrecendente de perfumes sutís, desabotoando as flores e vestindo as árbores de roupaxes verdes, o Gato Gaiado estalicou os brazos e abriu os ollos pardos, ollos feos e malos. Feos e malos, na opinión xeral. Ademais, dicían quen non só os ollos do Gato Gaiado reflexaban maldade senón todo o seu corpazo forte e áxil, de raias amarelas e negras. tratábase dun gato de idade media, xa distante da primeira xuventude, cando amara o correr por entre as árbores, vagamundear nos tellados, miañándolle á lúa chea cancións de amor, certamente picarescas e desvergonzadas. Ninguén podía imaxinalo entoando cancións románticas, sentimentais.



17

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021




**O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ:
UNHA HISTORIA DE AMOR**


JORGE AMADO

Tradución: Xela Arias

**Novo paréntese, para
presentar á Andoriña Señá**

(Cando ela pasaba, risoña e algareira, non había paxaro en idade caseira que non salaiase. Era moi xoven aínda, mais, onde fose que estivese, logo a cercaban todos os mozos do parque. facíanlle declaracións, escribíanlle poemas, o Reiseñor, serenateiro sonado, viña ao claror da lúa cantar á súa fiestra. Ela ría para todos dándose, non amaba a ningún. Libre de todas as preocupacións, voaba de árbore en árbore polo parque, curiosa e conversadeira, inocente corazón. No dicir xeral non existía, en ningún dos parques por alí espallados, andoriña tan bela nin tan xentil coma a Andoriña Señá).





**O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ:
 UNHA HISTORIA DE AMOR**

JORGE AMADO

Tradución: Xela Arias

Continuación da estación da Primavera



RA AO REDOR a Primavera, o soño dun poeta. O Gato Gaiado tivo a vontade de lle dicir algo semellante á Andoriña Señá. Sentouse no chan, alisou os

bigotes, e a seguir só preguntou:


-Ti non fuxiches cos outros?

-Eu? Fuxir? Non teño medo de ti, os outros son todos uns cobardes... Ti non me podes alcanzar, non tes ás para voar, es un gatazo aínda máis tolo ca feo. E mira que es feo...

-Feo, eu?

O Gato Gaiado riu, riso espantoso de quen perdera o costume de rir, e desta vez ata as árbores máis coraxudas, coma o Pau Brasil -un xigante- ficaron estarecidas. «Ela insultouno e el vaina matar», pensou o vello Can Danés.






**O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ:
 UNHA HISTORIA DE AMOR**

JORGE AMADO

Tradución: Xela Arias

**Capítulo inicial,
 atrasado e fóra de lugar**



ANDORIÑA SEÑÁ, amais de bela, era un pouco tola. Toliña, quédalle mellor. A pesar de frecuentar aínda a escola dos paxaros -onde o papagaio dictaba a cátedra de relixión- era tan xoven que os respetables pais non a deixa-

ban saír á noite soíña cos seus admiradores; mais xa estaba metida a independente, fachendeando de manter boas relacións con toda a xente do parque. Amiga das flores e das árbores, dos parrulos e das galiñas, dos cans e das pedras, dos pombos e do lago. Con todos ela conversaba, cun airiño de suficiencia, sen se decatarse das paixóns que ía espallando ao seu redor.



20

TEXTOS XELA ARIAS LETRAS GALEGAS 2021



O GATO GAIADO E A ANDORIÑA SEÑÁ: UNHA HISTORIA DE AMOR JORGE AMADO

Tradución: Xela Arias

Fin da estación da Primavera



S PAIS DA Señá ían rifando con ela. Mais estaban tan conmovidos co propio heroísmo -tiveran a coraxe de afrontar ao Gato Gaiado para salvar á filla- que non rifarán demasiado. A Andoriña Pai dicíalle á Andoriña Nai:

-Nós amamos á nosa filla, nós salvámola.

A Andoriña nai respondía:

-Nós somos bos pais, protexemos á nosa filla.

E ollábanse, admirándose mutuamente. Prohibíranlle terminantemente á Andoriña que se achegase de novo ao inimigo feroz. Se os xuramentos da Andoriña xoven non teñen ningún valor, bruscas prohibicións só fan aguzarlle o interese e a curiosidade. Non é que a Señá fose unha desas andoriñas ás que abonda con que se lles diga «non fagas iso» para que inmediatamente o fagan. Ao contrario, tenra e obediente, ela amaba aos pais. Comportábase ben, era amable e bondadosa.



21

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



AS TEAS CONFORMÁNDONSE NA PAISAXE o sol saíndo
sen saber de onde se tan difícil como ver o aire
subido nas gortexas fose comprender o xogo un
paxaro
derrotado
quedoume nas mans despois de pensar.


como orballo caloume a tristura grande
o planeta dando voltas sobre si e arredor
e vinnos a todos nós e a equipaxe derrotada
tamén
a grolas de alcohol para imaxinar un cacho soltos polas esquinas

e tras de nós -nada- nin deixaremos o voo
da ave descrito nin pintado o sentido das follas
outono cando as piso e ao tempo nos soño xuntos
así
de ben

Denuncia do equilibrio
(1986)

22

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



TROUXEN AUGAMEL PARA AGASALLARTE E senteime na escada á
agarda.

Non chegabas nunca e cansaba.

Cosín cun fío os pensamentos todos e abrín a porta.

Saín. Fun por tras de min deixando as pegadas no chan.

e se tantas voltas viaxo de nervio aprisionado
se xiro terras e metais lenzos abertos
entrelazados
se escandilo o interior derroto peixes lubinas
caranguexos

é que teño o corazón de auga derretida desbordando
vasos e piscinas
e veñen as augas zoando coma corsarios
dos mares da palabra.

Denuncia do equilibrio
(1986)

24

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



A LÚA

houbo unha vez obxectivo sen pretensións
(Trala caída na terra chantado
quebraba o paso das follas
a longa lectura e epitafio errado)
«non franquearás o portal dos excesos»
-e as fallas do honor...

e todo competiu para atoparnos
parados no borde da praia
o mar e soñando cabalos
soñando cabalos embelesados
logo non estaban


¡séntese aprisionado! mira
dálle un verso: alquimia redobrada

houbo unha vez unha elipse ques e pechaba
e un paxaro derrotado que voara

Denuncia do equilibrio
(1986)

25

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021




Tal couza na estrutura do edificio
destruír o noxo,
o que te anoxa.

Coma un fío de auga quixeras atravesalo todo,
regato
nos cons de illa ben dotada.

Intempériome
(2003)

26

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021




Unha copa, un fresco, o cine.
Un cigarro alabarado,
os pés na area.
Parece que perdura sabéreste así queda,
e asúmer a bendita expresión.
Matar o tempo.

O tempo...
¡que se perda!
maino, diante nosa.

Intempériome
(2003)

27

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



De certo, a vida ía en serio.

Por iso morrer non conta
números.

Eras moza,
cómplice nunha derrota que non
sumabas. Feliz por terte insomne
por inmortal.


Xa temos cadáveres amigos
e coñecidos,
sabemos da morte o legado inútil.

Pero ique ridículo!, ¿non?,
abrazar o feito feliz de xa medrar
-camiñar ás aforas-
en tempos asepticamente tan
alienados.

Intempériome
(2003)

28

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



Non me conteño,
non me conteño e abato
os cormoráns contra das rochas.

Non
me
conteño
e abato
rochas e cormoráns e abatibles e contidos.

E asómraste
logo
observando, observando
se os farrapos che corresponden.

Poi se non me conteño...
era sobredose de inferno de contidos,
e abatibles,
e rochas,
e cormoráns inmensos.

Intempériome
(2003)

29

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



Digo que ben vin o teu pasado que non vin.
Sei que agardas en estúpidos recantos.
Pois ven logo de veces entremedias da escaleira
recollendo da terra figuras sucias e
persoal infecto co que trates indulxencias
fantásticas.
O teu tímido pequeno corpo encollerá
entón a medida.
E coas ananas serás tamén ti anana.
¡Pois logo ve desde a historia a historia
que emana! Pena
que as palabras tantas veces parezan falsas
e vés dubidas que as verdades sexan exactas.

Tigres coma cabalos
(1990)

30

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



III. MONÓLOGO ADICTO

Xa non teño fala.

Despois de recortar os verbos quedei sen lingua
á que atender.

A nosa inmensidade remata un centímetro á redonda.

Non fales comigo,
deixei á posta o código
nas escaleiras da entrada ás casas.

Recortei, coma quen non o quere, os ámbitos.

Case me perdo, meu, entre os paseantes.

Así que, recortei os ámbitos.

Agora teño o idioma inclinado nas entrañas.

E perdín para botalo fóra todo interese.

¿Que máis me ten que a min me entendas?

Tigres coma cabalos
(1990)

31

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



PASEANTE

¿Que escoitas cando andas
tan lentamente ao chou de vagar as noites?

Ás veces no paso dos caimáns resolvo
enigmas
ecuacións de sono -de pesadelo ou
risa.

En min teño a paisaxe: portais agardan taxis
na lamentable présa da escapada,
e percorren esta beira da cidade cabezas inchadas
de sopor.

¿Ti sabes iso?
Fumas.
Subirás o volume, creo.

Os desperfectos,
á túa vista, son só imaxes de pracer
-enganado, dis.

Tigres coma cabalos
(1990)

32

TEXTOS

XELA ARIAS

LETRAS GALEGAS 2021



ACOMPÁÑAME

Son dun tempo
de espectáculos, lanternas e acebeches comigo.
Tamén sei dunha violencia de silencio
en serpe oculta de maligno
que maldigo.

Na raia da evidencia -tan ás claras-
eu tributo, distraída dos pans,
cada pedazo entre o noxo das brasas,
no malestar do cotián ese
odioso caníbal dos meus ollos.

Porque
sei de sereas verdadeiras tamén cantando venenos,
e máis das inmensas prosas do descanso.
Pero é que as miñas zonas
tamén son rostros conxestionados polo traballo.
Maldigo o precio de vida que arrastran,
e fusilo de min a disciplina da ordenanza.

Tigres coma cabalos
(1990)

33

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



Tes a cara inchada de preguntas
e un peso de desperfectos columna arriba.
Enchéuseche de bandadas o estómago
e de gritos os dedos dos pés.

Revirácheste.
E botáches os paxaros contra os mobles.
Morreron todos.

Pero un
encanouseche na gorxa e dixo
-Es humana. Quedarei eu pra que saibas
que os desexos son os xestos dos teus restos:
o erro,
esa falla.

Tigres coma cabalos
(1990)



NON TE AMOLA!

MANDÁRONME COA TÍA IRENE

Mandáronme coa tía Irene, que ía gardar as vacas. Pacían revolven- do a lingua toda para apañar un bocado máis grande e nós sentabámo- nos baixo un carballo, porque a tía Irene di que o sol de primavera é bo para coller catarros.

A *Marela* e a *Cereixa* son iguais. As outras son de cor distinta, ou máis grandes, ou aínda medio becerras.

-Irene, ¿ti como fas?

-Ai, nena, son moi diferentes. Olla, aquela é a *Cereixa*, e tes que andar con coidado con ela. Esta de máis acó é a *Marela*.

En canto lles perdo a pista e van pacer noutro sitio, xa non as recoñe- zo.

Fixen un ramallete de floriñas pequetchas e póño-me a contarlle men- tiras á tía Irene. Dígolle que na miña casa teño un can que fai o que lle mando, e polo día vén comigo a todo, e pola noite ábrolle a porta e anda ata o amencer salvando xente que se atopa nalgún perigo polos cami- ños. Que o traio moi disposto e o cóidoo coma se fose un neno, pero é un heroe.

A tía Irene debe estar cansa de traballar, e creo que aproveita cando as vacas pacen para descansar, así que está encostada no carballo, e mentres eu vou nas escenas que lle conto, ela vixía o gando e dime que

si, ou que sorte.

¡Sabe que lle minto!

¿Ou envéxame o cadeliño?

-Irene, ¿e por que non lle cortas un pouco o corno á *Marela*? Os cornos son coma uñas, non doe cortalos, e así recoñeceríamola sempre.

Bota unha risadiña, amaña o pano na cabeza e acaríñame.

-Mira a *Marela*, meu ben. Os tetos son grandes, os ollos máis separados ca a *Cereixa*. Se te fixas niso, xa non as confundirás nunca máis.

-¿Tes que mirar os tetos antes de saber cal é?

-Non, nena, non -e volta coa risadiña.

A *Marela* é furiosa e a *Cereixa* din que nobre e pausada. pero non as recoñezo, e cando vexo unha vaca de cor amarela diante de min, aparto, por se acaso.

Non me toma en serio. Sabe que lle mentín, e agora toma por mentira que non manque á *Marela* cortarlle un corno. Pero eu sabería de quen escapar e, ¡já vaca non lle doe! ¿Ou dóeme a min cando a mamá me leva cortar o pelo?

E non lle fai falta ningunha ese medio corno. Con que lle deixe un pedazo para atar as cordas...

Igual lle parece fea unha vaca con medio corno.

Igual os cornos das vacas ao final son coma os peiteados das mulleres.




Non te amola!

(2021)

35

TEXTOS
XELA ARIAS
LETRAS GALEGAS 2021



NON TE AMOLA!

MEU AVÓ PEDRO BAIXABA NA BICICLETA

Meu avó Pedro baixaba na bicicleta pola estrada en pendente para facerme unha visita na casa de meus pais. Eu tiña tres anos e andaba pegada a unha tarataruga de goma que alguén me trouxera.

O avó baixaba na bicicleta pola costa da estrada que atravesa a parroquia de Ortoá, e víñame ver. É exportador de xamóns. Non sei que quere dicir, nin nunca vin como é que se fai iso de exportar. Pero el está moitas veces baixo dunha restra de xamóns pendurados, mételles a variña a fondo e move a cabeza: «Aínda non van ben curados».

Dentro da casa meu pai dálles clases aos nenos do lugar.

E fóra fixeron unha horta para prácticas agrícolas dos rapaces, e mais tamén un xardín.

Eu agardaba no xardín polo meu avó, xunto do pozo.

Aparecía coma un lóstrego pola estrada abaixo, na bicicleta. E, na última curva, cando xa nos viamos un ao outro, erguía unha man do guiador e facíame acenos. Creo que eu botaba a correr tirando da tartaruga e saudándoo, tropezando nos coios, supoño.

Aquel día meu avó Pedro derrapou na curva e abriu a cabeza.

Quedou alí caído na estrada, ferido, chorreando sangue pola sen.

Eu ollábao desde o altiño do valado do xardín e vía a bicicleta escan-gallada contra o muro e o avó escarranchado no chan.

Xa non sei máis, porque saíron os alumnos e alumnas de meu pai e

colléronme no colo e leváronme de alí. E saíron meus pais e levaron o avó ao hospital.

Aquel día os alumnos de meu pai fixéronme festas, pero eu, que era sempre revoltosa, estaba ben quietiña e coa boca moi seria.

Todo porque me doían os ollos, doíanme infinito porque tiña alí metido a meu avó levantando o brazo cara a min ao pasar a curva.

E tiña a súa bicicleta escangallada contra o muro tamén aí dentro, metida nos ollos.

Despois logo sandou. Eu funo ver e el sorría por baixo das vendas, alí, na cama do hospital.

Díxome:

-Que bicicleta máis imbécil, ¿va que si?

E eu:

-Non te preocupes, témola castigada na cuneta.



Non te amola!
(2021)